

O que queres usar (tecnoloxía)

O que queres conseguir (pedagoxía)

Facilidade de uso
Con que facilidade?

Transferencia de información

É unha ferramenta para facerlles chegar información aos estudantes?

Avaliación da aprendizaxe

Permitirache esta ferramenta avaliar a aprendizaxe dos teus alumnos?

Comunicación e interacción

Pode usarse para a comunicación entre os participantes (ti e os teus. alumnos)?

Cocreación de contido

Podedes ti e os teus alumnos colaborar e crear contidos xuntos?

Taxonomía de Bloom

Que habilidades cognitivas require?
 • Recordar
 • Comprender
 • Aplicar
 • Analizar
 • Avaliar
 • Crear

Engadir un ficheiro

Subir un ficheiro (Documento de texto, pdf, zip, etc.)

Doado, como anexar un ficheiro a un correo. Enténdese o ficheiro por si mesmo?

Si, só os profesores poden subir ficheiros. Ferramenta para a Aprendizaxe dirixida (push).

É posible. Utilízase para propor o enunciado dunha tarefa, e que a entreguen a través dun foro ou tarefa.

Non. É unha ferramenta de distribución. Sen opcións de interacción ou comunicación.

É posible. Utilízase para propor o enunciado dunha tarefa, e que a entreguen a través dun foro ou tarefa.

Ningunha. Non é unha actividade de aprendizaxe, senón de transferencia de información.

Engadir un cartafol

Subir un conxunto de ficheiros

Doado, como achegar un ficheiro a un correo. Enténdese o ficheiro por si mesmo?

Si, só os profesores poden subir ficheiros. Ferramenta para a Aprendizaxe dirixida (push).

É posible. Utilízase para propor o enunciado dunha tarefa e que a entreguen a través dun foro ou tarefa.

Non. É unha ferramenta de distribución. Sen opcións de interacción ou comunicación.

É posible. Utilízase para propor o enunciado dunha tarefa, e que a entreguen a través dun foro ou tarefa.

Ningunha. Non é unha actividade de aprendizaxe, senón de transferencia de información.

Engadir unha páxina

Crear unha páxina web en Moodle

Doado. Crea a páxina co editor HTML e engade elementos multimedia se é necesario.

Si, só os profesores poden subir ficheiros. Ferramenta para a aprendizaxe dirixida (push).

É posible. Utilízase para propor o enunciado dunha tarefa, e que a entreguen a través dun foro ou tarefa.

É posible. Incorpora ou liga cara engadidos interactivos web2.0 na páxina (Voicethread)

É posible. Utilízase para propor o enunciado dunha tarefa, e que a entreguen a través dun foro ou tarefa.

Ningunha. Non é unha actividade de aprendizaxe, senón de transferencia de información.

Engadir un libro

Crear unha serie de páxinas web (plugin)

Doado. Crea un conxunto de páxinas co editor. Engadindo multimedia se é necesario.

Un xeito de presentarlles información aos estudantes. Pode ser impreso por capítulo

É posible. Utilízase para propor o enunciado dunha tarefa, e que a entreguen a través dun foro ou tarefa.

É posible. Insire ou liga trebellos interactivos da Web 2.0 dentro dunha páxina: p. e. Voicethread

É posible. Podes ligar con sitios colaborativos externos, p.e., Google Docs, wikis ou blogs.

Ningunha. Non é unha actividade de aprendizaxe, senón de transferencia de información.

Engadir URL

Ligar a unha páxina web

Doado, atopa o enderezo web (o URL), cópia e péga.

É un xeito moi sinxelo de ir á información que se atopa fóra de Moodle.

Non directamente. A opción é ligar con actividades externas coma portafolios de estudantes e blogs.

É posible. Liga con ferramentas externas, Google Calendar, grupos, blogs ou wikis.

É posible. Podes ligar con sitios colaborativos externos, p.e., Google Docs, wikis ou blogs.

6/6 Pode requirir todas as habilidades, dependendo do destino da ligazón.

Wiki

Permite a creación colaborativa de páxinas

Complicado. Hai que decidir a configuración individual ou de grupo. Difícil de dominar. Require práctica.

Si. Úsase como páxina de información. Permite a edición só por profesores, ou por calquera participante.

O wiki é versátil e permíteo, p. e., deseñando unha actividade de avaliación formativa.

Non é axeitado para discusións. Úsase para remuíño de ideas, planificación, escritura colaborativa ...

Si, os alumnos poden colaborar e explorar temas, discutir sobre eles e escribir xuntos.

5/6 Comprender, Aplicar, Analizar, Avaliar, Crear.

Glosario

Actividades de aprendizaxe que compilan recursos ou amosan información

A configuración predeterminada é válida. Intenta configuralo para que o nome do autor sexa visible.

Usa o glosario para definir termos ou presentar información. Mellor aínda, permite que os estudantes participen.

O glosario é versátil e permíteo. Pero necesitas deseñar unha actividade de aprendizaxe axeitada.

Non é axeitado para discusións. Os estudantes poden ler outras entradas e avalialas ou comentalas

Aínda que o autor orixinal pode editar unha entrada, a clase pode compilar revisións, recursos, etc.

5/6 Comprender, Aplicar, Analizar, Avaliar, Crear.

Base de datos

Permiteltes aos estudantes compilar, compartir e buscar

Configuración complexa. Planifica antes de comezar. Fai algunhas prácticas

Pode ser utilizada polo profesor para presentar información, pero é mellor deixar que os alumnos a engadan.

A base de datos é versátil e permíteo pero hai que deseñar unha actividade formativa axeitada.

Non é axeitada para discusións. Os alumnos poden ler as entradas doutros e comentalas ou valoralas.

Os alumnos comparten información e ficheiros con opción de busca. Créanse compilacións compartidas

5/6 Comprender, Aplicar, Analizar, Avaliar, Crear.

Enquisa

Recolle a opinión dos estudantes sobre o curso

Doado. Escolle entre 3 tipos de avaliación: actitudes, incidentes e construtivismo.

Non. A enquisa non é unha canle de distribución.

Non directamente. Útil para compilar información e mellorar a calidade do curso.

Non. Só permite a comunicación nun sentido, do estudante cara ó profesor.

Non, é unha actividade individual, non de grupo.

2/6 Indirectamente axuda o estudante a analizar e avaliar a aprendizaxe.

Comentario

Recolle a opinión dos estudantes sobre calquera tema

Doado, pero leva tempo configurar e engadir as preguntas.

Non. O Comentario non é unha canle de distribución.

Si. Os estudantes poderán avaliar por si mesmos os seus coñecementos, antes e despois.

Non. Só permite a comunicación nun sentido, do estudante cara ao profesor.

Non, é unha actividade individual, non de grupo.

6/6 Para conseguir as seis é preciso ser creativo no deseño da actividade.

Ferramenta axeitada

Pode funcionar adaptándoa un pouco

Non é a máis axeitada

Como utilizar esta guía

- Es un profesor novo en Moodle? Usa esta guía para elixir a ferramenta máis axeitada para as túas necesidades.
- Sabes que ferramenta queres usar? Le esa fila para ver os seus puntos fortes e fracos.
- Sabes o que queres conseguir? Elixe unha columna para a ler e saber que ferramenta te pode axudar.

Blogs recomendados:
<http://www.cats-pyjamas.net>
<http://planet.moodle.org>
<http://www.somerandomthoughts.com>
<http://www.markdreschsler.com>

Precisa máis axuda?:
 - Foros da comunidade: <http://www.moodle.org>
 - Documentación: <http://docs.moodle.org>
 - Segue a #moodle en Twitter!
 Chiadores de Twitter que seguir:
 @catspyjamasnz @ghenrick
 @markdreshcsler @michelledmoore
 @moodlefairy @moodleman



Joyce Seitzinger (@catspyjamasnz) www.cats-pyjamas.net/

Adapted by: Gavin Henrick (@ghenrick) <http://www.somerandomthoughts.com>

Traducido por: Rafael R. Gaioso - Antón Méixome [Trasno http://www.trasno.net](http://www.trasno.net)